

HONORÉ DE BALZAC

A obra mestra ignota



Irmás Cartoné, 2025
Colección Dunha sentada
Título orixinal: *Le chef d'œuvre inconnu*
Tradución do francés: Beatriz Fariñas Garrote
Corrección: Irmás Cartoné
Deseño e maqueta: Irmás Cartoné
Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-129042-3-9
Dep. legal: C 126-2025

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización por escrito dos titulares do Copyright ©.

HONORÉ DE BALZAC

A obra mestra ignota

Traducción de Beatriz Fariñas Garrote



A un lord

1845

I

Gillette

Cara a finais do ano 1612, nunha fría mañá de decembro, un mozo de vestimenta humilde paseaba fronte á porta dunha vivenda situada na rúa de Grands Augustins, en París. Logo dun bo anaco camiñando por aquela rúa coa indecisión dun amante que non ousa presentarse onda a súa primeira amada, por dócil que sexa, cruzou o limiar da porta e preguntou se o mestre François Porbus estaba na casa. Ante a resposta afirmativa dunha anciá que estaba a varrer no baixo, o mozo subiu amodo os banzos, deténdose en cada un deles como un cortesán novizo nervioso pola acollida que lle vai dar o rei. Cando chegou ao alto da escaleira de caracol, ficou un momento no relanço, dubidando se petar coa armela grutesca que adornaba a porta do obradoiro onde seguramente traballaba o pintor de Henrique IV que Maria de Medici abandonara por Rubens. O mozo experimentaba esa fonda sensación que


debeu estremecer o corazón dos grandes artistas ao se achegaren, no esplendor da mocidade e do seu amor pola arte, a un xenio ou a algunha obra mestra. Hai en todos os sentimentos humanos unha flor primitiva, xermolada por un nobre entusiasmo que vai mingando paseniño ata que a felicidade non é máis que un recordo e a gloria, unha mentira. Desas emocións fráxiles, ningunha se asemella tanto ao amor como a paixón xuvenil dun artista que se inicia no fascinante suplicio do seu destino de gloria e infortunio, unha paixón chea de ousadía e timidez, de crenzas vagas e desánimos certos. A quen, de fortuna escasa e adolescente de xenio, non vibrase con fervor ao se presentar ante un mestre, sempre lle faltará unha fibra no corazón, quizais unha pincelada, un sentimento na obra, certa expresión de poesía. Eses farfalláns vaidosos que confían demasiado cedo no porvir só serán intelixentes para os necios. Neste sentido, o mozo descoñecido parecía ter verdadeiro mérito, se hai que medir o talento en función desa timidez inicial, dese pudor indefinible que as persoas que están predestinadas á gloria saben perder no exercicio da súa arte, como as mulleres fermosas perden o seu no xogo da coquetería. O hábito do triunfo fai minguar a dúbida, e o pudor é, talvez, unha dúbida.

Atormentado pola miseria e sorprendido pola súa ousadía naquel momento, o pobre neófito non entraría no obradoiro do pintor ao que lle debemos o admirable retrato de Henrique IV de non ser pola extraordinaria axuda do azar. Un ancián viña subindo as escaleiras. Pola singularidade da súa indumentaria, a magnificencia do seu colo de encaixe e a seguridade preponderante do seu andar, o mozo intuía que aquel personaxe era ou o protector do pintor ou un amigo seu. Apartou cara ao relanzo para deixarlle sitio e examinouno con curiosidade, agardando atopar nel a boa natureza dun artista ou o carácter servizal de quen aprecia as artes; porén, naquel rostro percibiu algo perverso e, sobre todo, ese aquel que engaiola os artistas. Imaxinen unha fronte calva, avultada, prominente, despuntando sobre un nariciño chafado, requichado na punta como o de Rabelais ou o de Sócrates; unha boca riseira e engurrada, un queixelo curto, erguido con orgullo, cuberto por unha agrisada barba bicuda; uns ollos de cor verde augamariña aparentemente atoldados pola idade, mais que, polo contraste co branco anacarado no que flotaba a pupila, por veces debían lanzar miradas magnéticas no cénit da ira ou do entusiasmo. O rostro estaba, ademais, particularmente rechumido polas fatigas da idade e máis aínda por eses pensamentos que aguilloan por igual a alma e o corpo. Nos ollos xa non

tiña pestanas e apenas quedaba rastro das cellas nos seus prominentes arcos. Acomoden esta cabeza nun corpo fraco e fráxil, rodéena cun encaixe dunha brancura refulxente e traballado como os máis requintados cubertos de prata, poñan sobre o xibón negro do ancián unha pesada cadea de ouro e obterán unha imaxe imperfecta dese personaxe ao que a luz feble da escaleira lle confería unha cor aínda máis fantástica. Semellaba un lenzo de Rembrandt camiñando silandeiro e sen marco pola atmosfera sombría que tan ben dominaba ese gran pintor. O ancián dirixiulle ao mozo unha mirada chea de sagacidade, bateu na porta tres veces e díxolle a un home valetudinario, duns corenta anos, que viñera abrir:

—Bo día, mestre.

Porbus inclinouse con respecto, deixou entrar o mozo crendo que ía co ancián e despreocupouse del ao ver que o neófito quedara baixo o encantamento que deben experimentar os pintores natos ao contemplaren por vez primeira un obradoiro, onde se revelan algúns dos procedementos materiais da arte. Unha lumieira aberta no teito abovedado iluminaba o obradoiro do mestre Porbus. A luz, concentrada sobre un lenzo colocado sobre o cabalete e que aínda non tiña máis que tres ou catro trazos brancos, non



Este libro entrou no prelo o
28 de xaneiro de 2025.

